

02 SETEMBRO DO 2010 - NÚMERO 835

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Rosa Enríquez



Desobediencia

Rosa Enríquez

A deshumanización. A violencia estrutural. A espiral do silencio: o medo a dicir a verdade. A vaidade, a cobiza, o egoísmo, a insolidariedade, a agresividade, o cinismo e outras feblezas. E, contra todas elas, a desobediencia. É alicerce dos poemas de Rosa Enríquez (*A Rúa*, 1969), que publica hoxe *Revista das Letras*. “*Desobediencia* é un conxunto de poemas para desartellar mecánicas viciadas. Rexeita a impostura. Por iso o de volvermos ao bravún orixinal e inscribírmonos fóra da podremia. Lonxe dos cántaros baleiros ecoando á luz do día...”, explica ela. Inquietudes semellantes revelan a súa novela *Unicrom* (Sotelo Blanco, 2009) ou os seus versos no volume colectivo *Sétimo andar. Poesía alén*, (Nova Galicia, 2010). A autora, que colabora en revistas como *Dorna*, *Xistral*, *A Casa da Gramática*, *Leña verde*, *A xanela* e *Ólisbos*, *Terra e tempo*, no portal *Galiza Livre* ou nos xornais *Novas da Galiza* e *La Región*, cativou os lectores co seu *Vestíbulo da devastación* (Espiral Maior, 2007). Antes gañara o Premio Francisco Añón de Poesía do Concello de Outes 2005 con *Nas aforas* e o 1º accésit do Premio I Conde de Gondomar con *Raizame Vexetal*. O seu traballo pode seguirse tamén a través de <http://www.valdeorosa.blogspot.com/>.

(1) Poemas que non din nada

*"Convidei un home a cear.
Non quixo mirarme os ollos.
Comeu en paz."*

A enerxía dos escravos, Leonard Cohen.

rDL | 3
Galicia Hoxe 02/09/10

ALGO PARA COMEZAR:

A vibración dos obxectos: pausa sutil e imprevisíbel: violencia sagrada.
Saca o noso motor da boca-pode inquietar...

Logo correr-desfacéndose en migallas-deixándose ir.
Run run_proclamamos_run run
E amamos. Somos pobres.

Preciosas voces da herba é que nos chaman: leiróns en silencio demoledor que se perden
de tanto devecermos boca e peixe polo oco aberto da terra.
E ningunha sabemos onde vai dar...

ALGO QUE TEMER:

As hienas: morte e pan seco: luminarias psicotrópicas transparentes: feitas á medida.
Tamén negror e friaxe.
Atrápannos.
Pero ti cólleme polas maos. Non deixes que me leven fóra de aquí.

E responde-amor-a esta cuestión que tan gustosamente vos sobrepasa:
E pra sacarmos a morte da barriga-pra liberármonos da angustia?
Polo embigo-cherie. Tout à fait droit. Tiras e xa está.
Se tes ocasión-non deixes de facelo.

Pero as hienas seguen aí-na estepa-vibran coma búfalos.

ALGO QUE SEXA PÚBLICO

E chegados a este punto de vibración-mon cher Antoine-debo falarche de min-do meu destino-da perda
constante de soños-da morea de rostros indefinidos. Das hienas. Da decadencia. Dos búfalos.

Pero non quero contarche algo tan público. Prefiro a deshonra íntima.

Falemos entón de mortes e mentiras que sorprenderán.
Digamos_por exemplo_que teño matado homes-que lles quitei a vida polo embigo
/que os metín no conxelador.

Que soño con tigres. Con cafeteiras e mimosas. Que me desprendo.

ALGO OBSCENO

Ao principio esmagáronme o corpo. Pauline espapallada.
E todo foron lóstregos e cinsa. Ninguén falou por min.

Foi cando os incendios. Despois da deflagración e da intemperie.
Metéronme nunha caixa. Coma os homes que mato.
Dentro é que escribín este libro. Feito de sombras.

Pero antes das palabras e do incendio_antes das sombras_cheguei onda vós-nun cabalo a vapor.
Pauline à la plage: desobediente Antígona nemorosa-a piques de evaporarse...
É como non quixen-deixáronme.
É como non puiden-non o evitei: pinchei os dedos no aramio e un líquido brutal saiu de min: fun fonte.
Pauline ensanguentada: rodeada de insectos.

E souben entón que había unha hemorraxia interna: tumulto e tigres.

E PREVISÍBEL

Daquela fun mostra preciosa. Vítima cavernaria baixo o run run das mimosas: a animalia besta e parda:
carne de mi carne: vasto imperio_filial e ruinoso_la fille d'un hérisson.

E sempre o ceo protector: Pauline-el cielo te cubrirá...

Pero ti rompíchesme o libro e agora sangro polos poemas.

El cielo no pudo protegerme de eso.

OU MEMORÁBEL

Así é como envolvo a lembranza da apoplexía. Con plumas e sangue.

Pero tu-que vais saber tu-que fais a guerra coas prantas e tragas a substancia dos obxectos igual que tragas a sopa?

Nada. Tu ne sais rien. T'es devenu tigre. Por iso nunca che pedirei amor. Sobre todo no lo pediré.

ALGO QUE NOS REPRESENTA

Pauline nos fondais dun texto-atrapada nun mundo que desaparece.
Que se nos vai. Tu que veis co teu pelo-colmada de tanto amor. Deiforme.
Única no teu xénero. Ama a terra. Detente.

Recoñece que teis unha multitude ansiosa na barriga e repite: Ámame-amor-quéresme?
E terás da túa parte ese misterio absurdo: que escribir segue sendo unha devoción insá: unha absoluta tristeza: abismos.

ALGO PRIMAVERAL

Mírame-Antoine-escóitame: vivo atravesada de instinto. De run run e mimosas.
Pauline à la campagne: sen vida no nariz-metida nesa primavera que é un lugar estraño onde os burócratas morren de amor.

ALGO SEXI

A desobediencia: esa ingrata emoción nas sombras.
Antoine-sabes que tan gran desexo suscita certa hostilidade?
Alors-cherie-tu me détestes?.
Si.

TAMÉN VIOLENTO

O lobo é can de monte.

Pero ti soñabas con tigres.
E _tras dunha lenta agonía_ fixémonos indixentes.
E eu afoguei no cazo da sopa.
Logo lanzácheste por min: viñeches nun barco de papel.
Pauline no océano-entre fideos e sal: colgada dunha culler.
E seguimos sendo listos.
Sobrevivimos.
O día exacto. La hora perfecta. C'est ça.

E o can era o noso lobo da casa.

ALGO QUE CONSUMIR

Unha ducia de ovos-pan leite e ingratidade. Fundamentalmente iso: desagradecemento.
A xente cómese nas prazas públicas: teñen fame-Pauline. Non podemos ignorar iso.

ALGO DESPROPORCIONADO E TRISTE

Tristes son todos os que levan paraugas e descoñecen o instinto.
Os que obedecen.

Pero tu faime algo sucio: algo que nos avergoñe.
Dime-por exemplo-que somos pobres
e saquémos a alma aos tigres
descorticémoslos.
Vivamos unha vida estraña
e que nos detesten tamén por iso.
Deixemos que nos colguen.

Sexamos feos.
Edifiquemos un templo propio.

Pauline à la plage ou à la montagne-bestial e intensa
(demasiado para ser triste)

Vén-Pauline-volve dicir obscenidades
Algo que sexa verdade e que moleste.

E Pauline fai o amor en público: denuncia a miseria.

Tristes son todas as que levan paraugas e ignoran o instinto.
As que obedecen.

DECADENTE

Antoine-mírame. Faime o run run na boca grande.
Nos sucos deste pracer insomne.
Tírame do pelo e ámame coma un búfalo.

ALGO QUE SEXA SOBRE TODO MENTIRA

Un molde que non desborde-a pesar de todo-Antoine:
do renxer dos corpos atrapados
do estupor e da clausura.
Ritmo e run run-malia a enfermidade:
cette haine infinie ce mépris insupportable...

Pauline vous regarde à l'écran: dans un pénible état de sagesse
pornográfica obscenidade manifesta
deformidade nas frases ben adubias
co esplendente rubor-sempre brillante en vós.
Indiferentes á podremia: egoístas.

(2) Poemas que din todo

NADA PARA COMEZAR

Só ruído. Palabras feitas de metal-vibrantes e imprevisíbeis.
E nós aí-debuzadas na sombra.
Sagradas e violentas. Co run run dos tigres na cabeza.
Fillas do tumulto é que nos proclaman. E berramos.

NADA QUE TEMER

Ocultación. Blancor na grisalla.
Pero aínda podemos tremelar coma búfalos: ser metálicas: matar.
E farémolo: poremos en marcha unha tenra vinganza: abriremos o círculo.

NADA PÚBLICO

Antoine-todas as televisións viven enfrontadas co silencio.
Son públicas-prívannos da conciencia.
Pero nós temos aínda da nosa parte un segredo:
nada que ninguén queira saber nunca: somos ourizos.

NADA OBSCENO

A humanidade sae de dentro da barriga: esa é a orixe:
a carne o Verbo
Porque en el principio era el Verbo
y el Verbo estaba junto a Dios
y Dios era mentira: non foi quen de amarnos a todos...

Desconectouse (principalmente porque le abrumba nuestra pobreza)

Vive tranquilo en augas tranquilas:

| | |
|---------------|--------------|
| do silencio | á mansedume |
| da mansedume | á obediencia |
| da obediencia | ao abuso |
| do abuso | ao medo |
| do medo | á morte |
| da morte | à Dieu |
| de Dios | a la mentira |
| de la mentira | al Verbo |
| do Verbo | ao Principio |
| do Principio | à l'ombre |

Despois matar.

Pauline face à vous-à votre théâtre vertical-tout à fait gros et resplendissant.

Inquieta polo descubrimento: que quedarse quieta é obedecer: permettre le silence.

Pauline! Faite tigre entre tigres! Entra no tumulto!

Pero Pauline non ten tribo: naceu nunha cuncha y dios no la reconoce.

Agora fará o amor en público: rachará a espiral de silencio.

E IMPREVISÍBEL

As feridas flúen de alma en alma até dar coas poutas dun ourizo-le hérisson: notre petit et courageux soldat.

Comme tous les autres: con botas e viseira: le hérisson botté: listo para pincharse os dedos.

A súa ferida rebenta: se ofrece al dios del fracaso.

Afouta e firme-con claros signos de repetición. Instálase nos pueblos.

Se veis onda min-trae contigo ese virus que quero estar enferma.

É esta a urxencia: comprender que levamos con nós o tacto da usura. Que nalgún momento_en determinadas condicións atmosféricas_somos monstros vestidos de madreperlas. El cielo no podrá evitarnos esa vergüenza.

OU ESQUECÍBEL...

Pauline sexi-a pesar das plumas e do sangue.

Ás veces vulgar. Tampouco distante.

Pero é que ela non é de aquí: non precisa de perspectiva.

Non nos pertence.

Está feita de vacas suizas de negror doce sofisticado.

Ignora que as leiras son potencias políticas seculares-que saben a viño e castañas.

É certo-Antoine: Pauline non está enferma. No te pedirá amor.

Sobre todo no lo pedirá.

NADA QUE NOS REPRESENTE

Mírame-amor: sácame das tripas deste texto e do seu fondo azul.

Fagamos algo sucio: nin glorioso nin brillante.

Que sexa público: de todos. Comportémonos coma bestas.

Podes facer iso por min: inscribirme fóra da podremia e amarme até a deshonra?

Se podes-se o fas-non esquezas que Pauline nos mira. Sempre está mirando.

Tamén a vós-a miña multitude ansiosa.

Sodes conscientes diso?

E -SOBRE TODO- NADA DE PRIMAVERAS

Non soporto ese arrecendo a almisce no medio da brisa: con el vuelo aleve del abanico y la risa de Eulalia atormentándonos

Quero amor de verdade: atroz e insitintivo-envolto de run run e mimosas. Con tacto de estrugas. Que queime.

Pauline sur terre: longue et précieuse: femme bottée: desenfundando as armas: todo tipo de espiñas-desas que mancan por dentro-Antoine. Xa sabes do que che falo.
É que o instinto nos salve da gloria as dúas.
A min-que son de aquí e estou enfema.
A ela-que non precisa de perspectivas nin curación.
É moi importante-Antoine: que os burócratas nunca morran de amor.

NIN DE SEXO

Unicamente pornografía e desobediencia. Que tanta submisión remate por acabarse: que finalice: que se extinga coma os animais que cazamos.

Actualmente se conocen aproximadamente 11.167 especies en peligro de extinción, de las cuales 124 están englobadas en las categorías de "estado crítico"...

Que tanta dominación nos sobrepasa e necesitamos dos ourizos: que salten-que nos pinchen os dedos-que fagan sangue...

Que o coito sexa un acto público.

Antoine-seremos capaces? Poderemos desentrañar esta rede de redes?

... Pauline nos mira-segue mirando: a vós tamén. Sabe que estamos emporcados de gloria.

Nos detesta. Lo sabéis?

Sodes conscientes diso?

NIN MOITO MENOS VIOLENTO

Invirtamos os termos: modifiquemos a nosa casa: que os tigres sexan cans de monte: os cans paxaros: os paxaros nós. E voar_altísimo_cos ollos cheos de aire-Antoine.
Que as puntas dos edificios dean a volta e nos amemos.

Mais a realidade é que estes cambios suceden só no texto: por medio de audaces exercicios ximnásticos para non apodrecer...

É precisamente esta audacia a que nos arrastra: somos vítimas da exhibición: somos mentira: pasamos a vida comendo xente.

Devienne en lo que soy y respetaré tu diferencia...

Soy listo soy hombre
soy blanco y poderoso
tengo armas y leo novelas de amor.

Voilà ton destin: faire comme moi: devenir tigre: manger les autres: gagner tout le temps. *VAINCRE.*

É Pauline saltou do cazo da sopa infinitamente triste.
Pasou o día a comer pan. Iso é violencia.

NADA QUE NON POIDAMOS PAGAR

Metín a alma no conxelador. Tamén os cadavres dos homes mortos: xente violenta que mato para definirme no medio do xeo.

Fágoo porque sei que a identidade exposta nas vitrinas sempre foi unha cuestión supérflua-esencialmente improdutivo. Dixéronmo as hienas e os búfalos co seu desprezo.

Antoine-meu amado Antoine!- si hubiese aprendido a comer lentejas no tendría que adular al rey-verdad? Pero Antoine non responde: quixera vivir despreocupado. En augas tranquilas.

NADA PROPORCIONADO NIN TRISTE

Pauline sous la pluie.
Sabe que foder en público é un acto abominábel pero desobedece.

TAMPOUCO DECADENTE

Mon cher Antoine: deixemos os voitres que se extravíen.
É como tu teis moita responsabilidade nisto
(neste drama interior da conciencia)
deixa que deixemos os fiaños

que nos prendan
e sorprendan
abramos o artefacto: a sonora vivencia
da decadencia...
Logo tu faime iso que sabes
na chaira
contra as petunias
enchoupadas de orballo
e rincha comigo
fumega
engurúñate aquí-cabo dos meus brazos
esbolazado completamente
que si que o fagas
veña Antoine
afaite ás formas sinuosas
arredor do embigo
e tira de aí
onde os pensamentos torcen
y se comprimen
fanse pequenos
de petits morceaux les nuits d'ivresse
pero ti morde todo
absolutamente cheri
(sen tregua)
pra sermos libres
mentres saímos do diagrama social
tan triste tan apacibelmente violento
metidosxanopiagosecretoquetantonosdesfavorece
porque que nos gusta-claro
porque queremos
cierto es
pero-sobre todo-
(e malia o noso gusto pola enfermidade-Antoine)
que nos envolva a inocencia
conservemos iso polo menos
o noso bravún orixinal:
sangue plumas vento chuvia
e desastre
tamén instinto
un pouco de augardente e o run run inesquecibel
pois pra nós
ten que seguir sendo útil soñar
a pesar da poeira e do ciscallo
daquelas cousas tan brillantísimas.

Deixemos os voitres co seu ruído: abandonemos o tumulto. As hienas.
Os tigres.

Practiquemos sexo en público e que nos detesten.

NADA CERTO

Pauline vous regarde à l'écran: dans un pénible état de sagesse
pornográfica obscenidade manifesta
deformidade nas frases ben adubiadas
co esplendente rubor-sempre brillante en vós.
Indiferentes á podremia: egoístas cómplices.

09 SETEMBRO DO 2010 - NÚMERO 836

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Sete poetas sen fronteiras



Sete poetas sen fronteiras

Tradución: Yolanda Castaño

O mes de xullo pasado, Yolanda Castaño representou a Literatura galega nun obradoiro de tradución que se celebrou en Dana, unha pequena vila nas proximidades de Ljubljana, en Eslovenia. O obradoiro consistía en mesturar poetas de linguas minoritarias e masivas nun intercambio que pasaba pola tradución mutua a través dun traballo común. Neste monográfico de Revista das Letras presentamos o resultado do traballo de Yolanda Castaño con sete deses poetas, algúns desles pertencentes a literaturas que estaban inéditas en galego, como o caso de Mamta Sagar, falante de canarés, lingua oficial do estado indio de Carnátaca. Son sete poetas sen fronteiras a través dunha das voces que mellor define o momento expansivo da nosa escrita.

Eslovenia, xuño de 2010

e

n xuño de 2010, tivo lugar en Eslovenia un Obradoiro de Tradución Poética organizado principalmente polo Centro de Literatura Eslovena (Center za slovensko književnost) e Literature Across Frontiers, unha entidade dedicada ao intercambio e á promoción das literaturas europeas. A iniciativa culminou ademais coa participación dos poetas convidados no Festival Živa književnost (“Festival de Literatura Viva”), un festival poético que ten lugar cada ano en Ljubljana e que nesa ocasión chegaba á súa 17ª edición celebrando a designación do corazón administrativo esloveno como Capital Mundial do Libro. Na xestión deste evento colaboraba tamén ŠKUC (Centro Artístico e Cultural de Estudantes), e os participantes do Obradoiro de Tradución Poética uníanse a outros poetas estranxeiros convidados, entre os que salientaba un Bei Dao (Beijing, 1949) expatriado da China comunista e candidato ao Premio Nobel, os portugueses Casimiro de Brito e Jaime Rocha, o libanés Youssed Bazzi, a famosa artista e poeta xaponesa Kazuko Shiraishi ou o serbio Srdan V. Tešin.

O Obradoiro de Tradución Poética tivo lugar na tranquila aldea de Dane, no medio e medio da campiña eslovena na súa área suroeste, moi próxima á vila de Sezana e non lonxe da fronteira italiana. Esta iniciativa, dedicada a promover os intercambios entre diversas literaturas e fornecer de experiencias de traballo presencial con autores de distintas linguas, vén sendo organizada polo comisario principal –Brane Možetič– dende hai varios anos. Se nas anteriores ocasións diversos fíos condutores agrupaban dalgún xeito os autores convidados (poetas mulleres, poetas gays, etc.), nesta xa sexta edición, o pretexto trataba de xuntar a un mesmo tempo autores chegados de linguas cun altísimo número de falantes e de idiomas moito máis minoritarios. A escolla dos circunstanciais representantes destas foi responsabilidade do organizador e non se tivo en conta en ningún momento a situación política delas nin dos seus territorios, acollendo linguas ‘con e sen Estado’ en pé de igualdade.

Entre as maioritarias contábase así co ruso, o xaponés e o chinés. Entre as outras –por orde de máis a menos falantes– a primeira convidada sería unha das numerosas linguas que se falan na India, concretamente o canarés, unha das máis antigas linguas drávidas e que, con preto de 35 millóns de falantes, corresponde ao meridional estado de Karnataka (capital Bangalore). A seguinte na escala sería xa o galego –fortuitamente representada por esta asinante– sendo a primeira ocasión na historia destes obradoiros en que se contaba con el. Inmediatamente a continuación viría o propio esloveno, lingua dalgún xeito anfitriño e falada por 2,2 millóns de persoas (case un millón menos ca o galego); e, pechando a nómina, outra lingua europea, o maltés, con algo menos de 400.000 falantes (sempre sen contar nestas cifras cos falantes na emigración) pero, coma todas, cunha viva tradición literaria ás súas costas.

Así, tres das oito linguas máis faladas da terra convivían con catro linguas de poucos falantes ao mesmo nivel, traballando cóbado con cóbado en verteduras dun a outro idioma sen xerarquías que os puidesen diferenciar. Situacións sociolingüísticas moi distantes, circunstancias diversas, pero un único amor ás linguas e ás literaturas como factor de unidade, a diferenza como riqueza dun patrimonio que facer pervivir e espallar.

Antoine Cassar (nado en Londres de pais malteses en 1978) foi o escollido para representar a lingua do pequeno país-illa do Mediterráneo, Mamta Sagar (Bangalore, 1966) acudiu en nome da lingua canaresa, Stanislav Lvovsky (Moscova, 1972) fíxoo polo ruso e Veronika Dintinjana (Eslovenia, 1977) foi a representante da lingua anfitriño. Por último, asistiron tamén Yasuhiro Yotsumoto (Osaka, 1959) polo idioma xaponés e Xi Chuan (Xuzhou, 1963) polo chinés mandarín, ademais da galega que isto asina.

Un obradoiro de tradución poética é unha experiencia colectiva na que un número de autores participantes se traducen os uns aos outros a través dun traballo en común que permite acadar altas cotas de fidelidade aos orixinais, así como unhas versións autorizadas pola visión dos responsables das fontes. O traballo man a man co autor/a para traducir permite contar con todas as aclaracións que este/a poida brindar, solucionando dúbidas, esclarecendo xiros ou imaxes, propoñendo solucións harmónicas e en xeral guiando o noso vertido á lingua nova.

O obradoiro do que parte este libro celebrouse durante cinco días nun

espazo acondicionado para o traballo en grupo, igualmente propicio para momentos de maior concentración individual. As sesións tiñan lugar en horarios moi completos de mañá e tarde, de xeito que as mañás se empregaban maioritariamente para a colectiva posta en común (lecturas en alto para captar os ritmos, rolda de preguntas dos tradutores/as, etc.) e as tardes para o desenvolvemento máis persoal das aproximacións coas que se contaba nas sesións matutinas. A xenerosa flexibilidade dos autores para cos seus textos en todo momento, concedeu moita máis marxe ás nosas traducións á hora de introducir xiros propios, modificar sintaxes, adaptar expresións e, en definitiva, trasladar os contidos poéticos a aqueles xeitos que nas nosas respectivas linguas resultasen máis naturais, o que rematou por revelarse como a verdadeira inqueda dos e das alí presentes.

Sería practicamente imposible atopar quen fose quen de traducir igualmente do canarés que do maltés e mais do mandarín directamente dos orixinais, de maneira que o inglés se fixo por forza lingua vehicular tanto para as traducións previas como para as comunicacións entre nós. Todos achegaron unha breve escolma persoal do propio traballo poético previamente vertido á lingua de Shakespeare. A partir dela pero coa observación constante dos orixinais, comezou un traballo de tradución no que, con moita frecuencia e grazas ás intensas conversas entre autores, se puido obviar a versión inglesa tratando de traspoñer dun xeito máis directo a fonte á nova lingua.

Cada un dos/as sete poetas foi traducido así aos outros seis idiomas mentres facía o propio cos seus compañeiros/as cara á lingua de seu. Amais diso, o debate, os fondos diálogos e a intensa convivencia supuxo un intercambio de inquietudes, preocupacións, experiencias e circunstancias no tocante á lingua e literatura das respectivas coordenadas xeográficas, que resultou para todos enormemente enriquecedora. Entendéronse os distintos xeitos de vivir o oficio de escritor ou escritora nos correspondentes países, observáronse as diferenzas nos sistemas editoriais ou estimáronse os matices cos que a proxección social do autor/a diverxía nuns lugares e noutros. Así, comprendeuse que literaturas en linguas de moitos e de poucos falantes atopaban tantas vantaxes coma dificultades, se ben estas resultaban en cada caso distintas. Por último, compartíronse os relatos de vivencias no estranxeiro relacionadas co traballo literario así como de distintos proxectos multidisciplinares, todo iso mentres se expoñían e desentrañaban as diversas referencias históricas ou culturais que enmarcaban os textos chegados dende latitudes tan afastadas.

Ademais, e tamén como posta en práctica e mostra pública dos traballos de tradución, celebrouse un recital multilingüe na Biblioteca Municipal da veciña vila de Sezana. Nos últimos días do obradoiro, o público deste recital puido escoitar poemas nas sete linguas convidadas, traducións ao esloveno expresamente para eles e mesmo interesantes experiencias de lecturas plurilingües, nas que un único poema facía ecoar ao longo dos seus versos todos os idiomas. Parte de algo semellante se ofreceu no Festival de Literatura Viva que, xa en Ljubljana e dentro dun evento maior, servía de colofón ao proxecto.

O compromiso adquirido de antemán era dalgún modo o de, unha vez de regreso nos países de orixe tras o obradoiro, tratar de dar a coñecer a través dalgunha publicación os froitos da experiencia e os textos resultantes, nun xeito de espallar o labor de tradución tanto como as obras dos autores participantes. Teñamos en conta que se trata de poetas, a maioría dos cales nunca antes foran traducidos sequera ao castelán, e que á vez constitúen algunhas das voces máis representativas, orixinais e puxantes das súas respectivas literaturas. Así, un pequeno volume recollendo estes textos, non deixa de constituír unha mostra de poesía contemporánea de sete literaturas distintas á vez que engrosa o corpus de traducións galegas con novidades literarias.

Se ben o traballo se iniciou durante a estadía en Dane (Eslovenia), houbo de ser completado e finalizado xa de volta na casa e por conta de cada quen, aínda que sempre sen esquecer que iniciativas coma estas son a mellor maneira de propiciar intercambios directos entre autores-tradutores. A proximidade do autor ou autora, o diálogo e a convivencia repercuten tamén nun exercicio de tolerancia, empatía literaria e apertura de horizontes.

Velaquí pois o resultado desta enriquecedora experiencia, pero sobre todo a presentación –por vez primeira en Galicia– de seis autores chegados dende países e literaturas ben dispares. Do norte e do sur, grandes e pequenas. Dende as fronteiras que rebentan entre as mans de Antoine Cassar ata a sensualidade musical que resoa en Mamta Sagar. Dende a prácida morte tratada pola voz serena de Veronika Dintinjana ó equilibrio familiar sostido con delicadeza por Yasuhiro Yotsumoto. Dende a tenra crueza de Stanislav Lvovsky ata a fina ironía dun lúcido Xi Chuan. Diversidade e contraste, sensibilidade e fortuna, velaquí unha vibrante escolma poética que, coma unha pequena babelia, se achega onda nós.

Yolanda Castaño

XI CHUAN

Apuntamentos sobre o Mosquito

Dez mil mosquitos únense nun tigre, reducidos a nove mil poden unirse nun leopardo, e reducidos a oito mil só poden facelo nun chimpancé con obesidade mórbida. Porén un mosquito é só un mosquito.

O mosquito hematófago –isto é, o mosquito femia– pertence á mesma categoría da sambesuga e o vampiro, aos que tamén se podería engadir o chupa-sangues burócrata, o cacique, o capitalista. Houberon todas as criaturas baixo o ceo de ser agrupadas segundo a dieta, de xeito que pasaron a ser clasificadas en carnívoras, herbívoras e hematófagas.

Os mosquitos están por todas partes nas fendas da historia. Teñen sido testemuñas e ata participado en execucións, descuartizamentos humanos mediante carretas de cabalos, roturas do dique no río Amarelo, tráfico de nenos e nenas, e aínda así os vinte e cinco libros das historias dinásticas non conteñen unha soa mención ao mosquito.

Cando hoxe nos topamos cun mosquito, a súa proxenie pode rastrexarse ata a era en que Nüwa fixou os ceos (Nüwa era unha beleza, ou iso se di en *A Investidura dos Deuses*. Nüwa, por natureza cativada polos mosquitos, aínda que isto non se conte en *A Investidura dos Deuses*).

Ademais, a lonxevidade dun mosquito adoita fixarse aproximadamente entre un amencer e un solpor, ou entre dous amencer e dous solpores e, polo tanto, en toda a vida dun mosquito este pode –en termo medio– atoparse só con catro ou cinco persoas, ou vinte ou trinta porcos, ou un cabalo. Isto suxire que os mosquitos non teñen desenvolvido punto de vista ningún en relación ao ben e o mal.

Algunhas persoas non abren fiestras nin portas por medo a que os mosquitos entren, pero de feito eles xa están secuestrados polos mosquitos. Outras persoas non teñen elección á hora de ter que usar os baños públicos da rúa e, cando son picados por mosquitos, descubren que, a pesar do proído, resulta, con todo, tolerable.

Entre os meus obxectivos nesta terra, un deles é ser picado por un mosquito. Furan cos seus aguillóns a miña pel, cítanse para refrescarse na miña sombra, expiran no veneno da miña respiración.

Nas profundidades da noite, alguén deitado na cama medio durmido zóscase un lapote. Non está sendo autocrítico, máis ben escoitou o zunido dun mosquito. Canta máis forza leve, maior será a taxa de éxito na súa mata de mosquitos, maior o son do seu autorreproche.

Entón, en quen se transforma o mosquito despois de morrer? Alguén zoando e revoando diante da miña cara, debe ter sido un mosquito nunha vida anterior. Algunhas rapazas saen moi fracas xa de nacemento, e tendemos a chamalas “mosquitos”.

Protexer a natureza é protexer os mosquitos e outras variedades entre os que debe ser incluído o deus da malaria. Para protexer a natureza, debemos tamén acelerar a produción de repelentes. Entón o mosquito pode ser rotundamente expulsado da natureza. No entanto, a realidade demostra que isto é altamente dificultoso.

Traer mosquitos en avión, ou en tren, a outros países e terras estranxeiras, pode acentuar a nosa sensa-

ción de morriña, e reforzar a nosa identificación co mundo. Cada vez que abramos a nosa maleta, sairá voando un mosquito.

Ninguén pode diferenciar un lugar onde pousou un mosquito dun lugar onde non pousou un mosquito, do mesmo xeito que ninguén pode dicir a diferenza entre os lugares que un ladrón tocou e os lugares que un ladrón non tocou. Pescudar o rastro dun ladrón é ver un mosquito morto a través dun microscopio.

Escrito sobre a paisaxe azul e verde en pergameo de Wang Ximeng, Mil millas de ríos e montañas

O verde e o azul converxen nas montañas despoboadas. A xente camiña por dentro delas, e aínda así seguen sendo montañas despoboadas, tal como a xente que camiña é anónima, e no en tanto segue sendo xente. Ninguén pensaría verse a si mesmo nesta pequena xente, nin en ver as montañas reais e as verdadeiras augas deste mundo, nin debería pensar ninguén en obter eloxios de Wang Ximeng por un comportamento rutineiro. Wang Ximeng coñece esa xentiña do seu cadro, pero non é un deles. Desa xente que non son el, non pode chamar a ningún polo nome. A xentiña alcanzou as montañas, alcanzou a auga, así como as montañas alcanzaron o turquesa e lapislázuli, a auga alcanzou a súa extensión e as súas naos, así como o Emperador Huizong alcanzou a un Wang Ximeng de dezaoito anos, ignorando que morrería pouco tempo despois de completar o seu cadro de Mil millas de ríos e montañas. As montañas e a auga son anónimos. Wang Ximeng entende: os personaxes anónimos non son senón enfeites para as montañas e auga, así coma os paxaros que voan entenden: a súa presenza ou ausencia é irrelevante dentro dos mecanismos da humanidade. As aves vense as unhas ás outras no ceo. Ao mesmo tempo, cada unha das persoas que camiñan polas montañas leva a súa propia dirección, cada un conta cos seus propios plans. Esta xentiña vai vestida de branco, camiñan, descansan, pescan, carrexan mercadorías, o verde e o azul todo arredor deles, así como hoxe a xente viste de negro e faise notar en banquetes, concertos e funerais, ouro e máis ouro todo arredor deles. Esta xentiña vestida de branco non naceu nunca e, por suposto, nunca morreu, tal coma esta montañosa e augacenta utopía de Wang Ximeng libre de contaminación e de invasións pode soste unha lectura sutilmente minuciosa. Estar lonxe de homes con grillóns está lonxe aínda das arelas de liberdade, non topar nunca con homes arruinados pola experiencia está lonxe aínda do esquecemento. Wang Ximeng permite que os pescadores teñan máis peixes dos que poidan pescar, permite que as focas flúan con auga corrente sen fin. Segundo el, a fortuna é ter a cantidade xusta de riqueza, de xeito que as persoas das montañas e da auga podan erixir tranquilamente as súas pontes, construír os seus muíños de auga, dispoñer as súas estradas, edificar os seus fogares, e daquela vivir alí en paz, tal e como só a xusta cantidade de árbores medra nos outeiros, nas marxes dos ríos, ou arredor da aldea, arredor da xente. Ao lonxe, as árbores parecen flores. O seu lene abalo é a brisa traendo alivio. A brisa traendo alivio é a xente a cantar. A xente a cantar é a montaña despoboadá volvéndose a montaña despoboadá.

ANTOINE CASSAR

Entre

Entre Aquisgrán e Zyryanka,
entre Samarinda e Samarkanda,
arriba e abaixo na proa
polo estreito violeta
entre Kérkyra e Saranda,
no tren entre Moscova e Vladivostok
que sete veces cruza a alborada,
abríndose paso, camiñando adiante,
dende o bendito silencio do mergullo da gaivota
na espuma de Antofagasta
ata a blasfemia multilingüe
cando tropeza o meu pé contra a boca da cloaca,
entre Baden-Baden e Bahrein,
entre Fort-de-France e Port of Spain,
conducindo a cento trinta
ao longo das tres mil millas
entre Portland (Oregón) e Portland (Maine),
dende a espetada dun frío escocés acoitelando as
meixelas
ata os labios que resecan
ao vento areoso de Marsella,
voga que voga
entre Zuwarah e Lampedusa
nunha chalana que parte en dous,
con apremantes voces,
con gortexas asfixiadas
procurando os oídos da noite.

Entre Ceilán e Sri Lanka,
entre Kalaallit Nunaat e Groenlandia,
entre un kia ora nunha mañá de Aotearoa
e un *g'day* no acento arrastrado
de Nova Celandia,
atrapado e sen un can
na alfándega de Ruanda
cunha identidade que abala
entre a oferta e a demanda,
entre un *déjà vu* nunha praza da que nunca oín falar
alfombrada de pétalos de xacarandá
e perdido polas rúas dunha cidade iluminada
pola que vaguei non hai moito,
algo máis mundano
ca nostalgia
dunha illa que nunca visitei
invádeme sutil no balbordo
do aeroporto,
esperando na porta de embarque
sen que o pai a vexa,
unha nena debuxa países novos
nas páxinas en branco
do pasaporte del,
desorientado, maniatado,
cun estómago atronador,
do kefir que me descompuxo na suor do Lavapiés
ata as mans suaves da moza aldeá sorbia
que me soubo entoar cunha cunca de soljanka,
entre grave e agudo, entre tépido e morno,
en débeda cun pasado que non pasará
entre unha semana solapándose á seguinte e un mérco-
res desemparellado,
xordo e atordado no discurso agonizante
entre dous Gozos e dúas Maltas,
entre o centro e os extremos,
entre caras e cruces,
coa maldición das miñas dúbidas
polos séculos dos séculos,
recostado sobre a herba recendente
co sol reflexándose sobre o libro aberto
ínchome de gusto ata que me asedia o boureo
entre un pésimo dj e mais unha parelliña,
do retumbante tradear nas torres de Singapur
ás peteiradas das galiñas nos tellados de chapa
do kampung,

entre un rechamante pictograma do China Daily
e unha frase que sen piedade serpea
no Mallorca Zeitung,
folleo o dicionario de peto
para descifrar a noticia:
un avión que se escachiza
unha bruante buxaina
nunha treboada entre Brasil e Senegal,
esmagándose na gorxa gravitacional
choiva de cascallos e de corpos conxelados
sobre o mar de cristal
do ecuador.

Esperto intraducible
ao vento e ao nubeiro,
entre un mapa enchoupado en tinta e unha lingua pros-
tituída,
o sangue suando por saír, o fígado cosido a buratos,
entre un cabelo e unha serda, entre a trampa e a casiña
para paxaros,
dende o sol que se reúne comigo ao pé da cama
ao pálido rostro do meu amor
coas mans pousadas sobre o ventre,
entre aquí e alí e máis aló e de volta
entre o cu ó aire e a alma tapada
entre ir e vir e viceversa
entre ir ao gran e polas ramas
entre verdadeiro e falso,
entre os anxos e os díaños,
entre xa non e non aínda e tamén ao contrario
co terror do vento por entre os mastros das bandeiras
mirando como atrapar aquel son
que entre as mans me escapaba,
teño pólas baixo terra e raíces que chegan ata as nubes
abrollo tras abrollo no vapor e mais no po
teño un rebento que descendeu ata os antípodas do
mundo
teño unha antena que escalou ata as montañas da lúa
entre saída e chegada, entre chegada e saída,
con todas as fiestras de par en par, co ceo encapotado,
cun estraño no espello esculcando
a malla do meu rostro resgado
do vermello da alfombra desenrolada no nacemento
ao níveo da mortalla que nos cobre no enterro
entre *fra e tra, de-ci, de-là,*
ανάμεσα, , *zwischen*
the perpetual indecision
of a clear preposition
entre fóra de lugar e o meu lugar está en min
entre volver en min e fóra de onda
camiñando con paso firme
de fronteira en fronteira,
de meridiano en meridiano
da terra prisioneira,
entre dende e cara a,
entre cara a e ata,
no centro de todo
e ao bordo da nada,
con azos nas pernas, dor nos costados,
dou a volta, cruzo a rúa
e prosigo o meu camiño,
intentando comprender
o por qué
do ónde.

VERONIKA DINTINJANA

A laranxeira de en fronte da casa está no cémit

Escoito a ausencia de vento na ramaxe
e na tarde deshabitada.

Hai tres cousas polas que deixei os fechos da fiestra abertos,
hai catro polas que pecho a porta.

Pola lúa radiante que asubía cando o ferreiro a funde na
auga,
pola mañá que empalidece cando o sol olla o seu rostro en
fite.

Polo día que arrubia en noite, e para o umbral,
que non terá máis pés que o púan, só pétalos.

Tres ascenden aos ceos
e catro partiron sen o máis leve ruído.

O filamento fundiu na lámpada,
unha liña distraída fóiseme da cabeza.
Por unha fiestra entreaberta entrou o frío,
e a cea atopou o seu lugar na mesa.

Hai catro cousas que non podo entender,
tres que non esquezo.

A pedra redondeada da praia que me ensinou cando nena
a distinguir o meu xeonllo dereito do esquerdo, unha beira da
estrada da outra.

A dor que o ocupaba todo e que un segundo máis tarde
desapareceu.

O amable mar que soño cada noite, que espera por min na
porta
e de día dispensa gaivotas e outros mensaxeiros na busca de
sentido.

E a árbore que atardece sobre o mundo -
non podes dicir qué xira e qué permanece.

Pola lonxitude da sombra definimos as direccións do ceo.
Pola lonxitude dos pasos sabemos a hora da noite.

Pardal, a través dunha fiestra do hospital

Vin a morte
sentar a carón del na cama e sacarlle as zapatillas.
A súa presión arterial caía,
empalidecía o seu rostro mentras ela se acomodaba.
Os seus ollos tiñan medo.
Marchei voando. Como non
formaba parte da súa vida,
era xusto que non formase parte
da súa morte.
Media hora despois volví
para recoller as migallas de pan
que quedaran do almorzo.

Que tempos son estes

A vulnerabilidade retirouse
aos hospitais, confesionarios, cuartos.

Cómpre a proximidade da morte,
o desamparo, ou polo menos unha perda de dignida-
de a curto prazo.

É necesario o silencio inconfortable de intimidade
imposta,
embriaguez ou colocón

traizoar as palabras que
como un abridor de cartas

esgazan
o ventre da vida diaria

e salvan iso
que fai a vida parecer real.

Veronika Dintinjana (Eslovaquia). Naceu en 1977 e é unha das co-organizadoras do ciclo mensual de lecturas poéticas *Mlade Rime*, impulsado pola Sociedade Cultural Kentaver en Metelkova (Ljubljana). En 2008 saíu do prelo o seu primeiro traballo individual, *Rumeno gori grm orzicij*, e axiña foi galardoado co premio á mellor ópera prima na 24 Feira do Libro do seu país. Ten traducido poemas e ensaios de Louise Glück, Muriel Rukeyser e Denise Levertov e igualmente co-traduciu a antoloxía da *Poesía Irlandesa do século XX*.

STANISLAV LVOVSKY

(1) mira a foto
e di (moi triste)
este bar xa non o hai máis
díggolle: ningunha desas cousas
as hai máis
só quedan as palabras
só os nomes
nos que ninguén
lembra xa
onde poñer os acentos.
e ti estasme dicindo
que botas en falla o bar?

mirando para a foto
di el: ó cabo
este é o único
no que coñecín
a Lyuda1.

(2) eu quero vivir nun mundo
onde nada sexa irremediable
para ser franco
nada máis
me parece
verdadeiramente importante

(3) pensa só dixo ela
que nunca ninguén
me dixo estas palabras
quero follarte
sorrín acariciei os seus cabelos
e dixen quero
follarte ela sorriu
agradecida en resposta

a vida é pequena
e feita dalgún xeito diferente a como a xente a fai
feita á rusa
non podes dicir sabes
que quero namorar de ti
en ningunha outra lingua tampouco

imos para a cama
follamos e quedamos durmidos
se un non
se ducha pola mañá en medio día máis
pode acabar cheirando ó outro

iso como mínimo

Stanislav Lvovsky (Rusia).

Naceu en 1972 e licenciouse en Químicas na Universidade Estatal de Moscova, pero mudou o seu campo de interese para dedicarse á publicidade e ao xornalismo freelance. Ten publicados varios libros de poemas (*Ruído Branco*, en 2003, *Poemas da nai terra* en 2004 ou *Camera Rostrum* en 2008) así como de relatos, prosa poética e ata unha novela a dúas mans xunta Linor Gorali (*A metade do ceo*, 2004). É tamén autor de numerosas traducións poéticas para o ruso dende o inglés (Vytautas Pliura, Charles Bukovsky, Leonard Cohen ou Diane Thiel entre outros) amais de críticas literarias e outras colaboracións en publicacións periódicas tanto como en multitude de revistas dixitais. Poemas seus saíron publicados en traducións ao inglés, francés, chinés, italiano e xeorxiano –entre outras– e foi galardoado tanto no 3º Festival de Verso Libre Ruso coma no *Moscow count*, que escolleu o mellor poemario publicado en Moscova no ano 2003.

Así,
na páxina
“a canción”
coma un deseño tatuado
é a canción
a palabra soa dende a páxina,
soan as palabras unha a carón da outra;
cadea de sons de palabras

deixar flotar na brisa daquela a canción!

Agora
na páxina
a canción é as palabras
calada é a canción.

Un poema río

Dentro do río están
o ceo, as nubes, o sol.
Na conca das miñas mans está o río.

Se levanto as mans
o río vérquese, espaxendo
ceo, nubes e sol todos por min.

Se da conca das miñas mans bebo do río,
daquela están dentro de min
o sol, as nubes, o ceo.

Dime entón, quen está en quen?

Chove outra vez

el e mais eu
mollándonos
na distancia entre os nosos corpos fundidos
e eu lembrando
os mestos escuros bosques do seu país

árbores da altura dunha persoa
niños de amor en cada póla
“alá tamén chove así”
besbella
as súas guedellas negras rizadas
xogan sobre a miña fronte
e eu besbello
“aquí tamén chove así”

os lóstregos apoan nos ollos
e chove o desexo

o meu alento quente
xogueta por riba del
o seu sorriso
xogueta sobre os meus labios

a choiva espera fóra
mentres nós esperamos mollándonos dentro
el a choiva dentro de min
eu a choiva dentro del
tamén fóra

aquí
agora
as súas lembranzas caen coma choiva a cántaros
coma un soño esquecido que trae
aromas do seu amor
e alí pinga
a miña memoria
no seu corazón

arroia
aquí e ala

MAMTA SAGAR

8 | **r d l**
Galicia Hoxe 09/09/10

Papá a Rocha

Acordamos unha mañá para atopar o noso Pai transformado nunha rocha, enriba do seu futón, non maior que un balón de fútbol, pero incrivelmente pesada, inamovible mesmo cando toda a familia se puso ao empurrar. A superficie é negra e brillante, e vemos pequenas partículas metálicas se o esculcamos de preto.

Mamá, tal como ela é, ponse a buscar traballo á semana seguinte, pero, ás vésperas do 49º día do funeral, é atopada no baño convertida na Fosa das Marianas.

Hoxe, unha carretilla elevadora tira a papá en mamá.

Marcho!

O meu fillo que saíu para o xardín de infancia pola mañá volveu para casa de noite feito un home de 35 anos. Chegas tarde, dixen. Si, mirando para o reloxo de cuco con cariño respondeu cunha voz grave de home.

Que estiveches facendo ata tan tarde, preguntou a miña muller. Ben, botou ese sorriso del e dixo que estivera casado tres anos, traballando como enxeñeiro espacial, resumindo a súa vida do mesmo xeito en que unha vez o fixen eu. Ei, non o atopades bastante cano xa?!

Pareceume raro que a miña copa de sake ma reenchesse meu fillo que tiña a mesma idade que eu, e murmurei “grazas, así está ben”. A miña muller fitaba para nós, comparando a miña cara coa del, a súa coa miña, mentras el comezaba a contarnos sobre o planeta dentro de 30 anos, o cal nos petou duro aos dous con horror e sorpresa.

E como sobreviviches nun mundo tan terrible! Catástrofe ambiental, explosión demográfica, armas nucleares, terrorismo e xenofobia. Claro, podo ver as sementes dos problemas agora e aquí mesmo, e este aquí e agora dalgún xeito volvéronse o pasado irrevogable para o meu fillo e a súa familia no futuro, por confuso que poida resultar, o único que está claro é que acabaron no peor dos escenarios posibles.

Digo: e que pasa se mamá mais eu tentamos cambiar as cousas a partir de agora? Pois non o sei, papá, unha vez que está feito está feito. Miña muller agarrouno da manga e pregoulle que quedase en casa dun xeito estrañamente teatral. Podo entender o seu punto de vista, sería ir contra a providencia.

É todo culpa nosa con todo meu fillo non di nin unha soa palabra de reproche. Será porque eu xa estou fóra do seu mundo? Teño unha lixeira curiosidade sobre iso, mais de certo non importa en calquera caso.

“Non te preocupes por nós. Se temos sorte, podemos gañar o sorteo para a inmigración lunar”.] Cunha man nos cadrís, estreitoume a man coa outra, bicou a miña muller na meixela coma un estranxeiro occidental. Mentras a escuridade da medianoite ía caendo tras del, dixo, Marcho!, cunha voz de 5 anos de idade.

O sono den cen anos

E despois da cea de celebración, dábanse a man os uns ós outros alternativamente, sacaban fotos e facían acenos de adeus. Cando a porta se pechou despois de saír o último convidado, o silencio reinou na casa outra vez.

Meu irmán, aínda excitado, berrou: “Estou caendo, estou caendo nun burato fondo!” entón caeu sobre o tatami, e ergueuse axiña dicindo: “Dando masaxe cardíaca! Dando masaxe cardíaca!”. Volveume tolo facendo isto unha e outra vez pero papá e mamá non lle rifaron.

Os mobles, o televisor e as lámpadas do teito xa foran retiradas. Tiñamos os futóns colocados un a carón do outro no cuarto deserto, e apagamos a lanterna no canto de lámpada da mesiña, vin as estrelas brillando tras da fiestra á que lle quitamos a pantalla de papel.

*

“Boas noites ...”
“Boas!” “Boas noites”
“Boas noites a todos”
“Que tal foi, Masahiro?”
“Que tal foi o que?”
“Quero dicir, que tal foi todo? Todo dende que naciches ata agora.”
“Ben”.
“E para ti, Ryo?”
“Ben. Cando imos erguernos?”
“En cen anos”.
“E iso é moito tempo?”
“Moito tempo despois do día de despois do día de despois de mañá.”
“E vai estar aquí alá?”
“Vai estar.”
“E o avó e a avó estarán con nós?”
“Ben, eu non sei fixo se estarán con nós. Mira, agora tes que durmir”.
“Boas noites”
“Boas”.
... ..
“Ei, apagaches o gas na chave xeral?”
“Si, cariño”
“Eu pechei ben as portas. Vale, imos durmir. Imos durmir moito”
“Boas noites”
“Boas” “Boas!”

“Boas noites a todos.”

Mamta Sagar (Karnátaka, India). Aínda que naceu en Osaka en 1959, criouse maiormente en Hisoshima, e ten residido tamén en América e Europa. O seu primeiro libro foi publicado en 1991, e a el seguiron outros oito poemarios máis, incluído *Lagos pirateado* (2010), *A estribor da miña muller* (2006) ou *Tarde das palabras prohibidas* (2003), que acadou o prestixioso premio Hagiwara Sakutarō. Os seus poemas traducíronse a máis de 15 linguas, incluíndo tres libros publicados en Australia, Serbia e Romanía. Así mesmo, é autor de ensaios, crítica literaria e traducións de poesía dende o inglés para o xaponés. É o editor da web xaponesa *Poetry International* (<http://japan.poetryinternational.org/>) así como da revista poética xaponesa *Beagle*.

16 SETEMBRO DO 2010 - NÚMERO 837

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Redes Escarlata

As Redes Escarlata xurdiron no ano 2001 como “un grupo de persoas que, unidas por unha preocupación común aínda que plural relativa ao pensamento e ao estado da cultura, decidimos organizarnos e intervir como asociación socio-cultural asemblearia que aglutine a todos aqueles que compartan connosco unha visión crítica co abafante panorama que nos impón o presente”. Desde entón, este colectivo no que se integran escritores como Xabier Cordal, Chus Pato, Xosé Luís Méndez Ferrín, Anxo Angueira, Elvira Riveiro, Alberto Lema ou Darío Xohán Cabana, desenvolveu unha traxectoria baseada na acción pública e apoiou boa parte dos movementos sociais que xurdiron en Galicia ao longo destes anos. Os recitais marcaron unha vía importante da súa

Galicia

Verán 2010

Redes Escarlata

presenza e con eles percorreron o país amosando outro xeito de enfrontarse ao feito da escrita e da palabra. Paralelamente, internáronse polos vieiros das accións poéticas, das cales *Acción de ferreiro* (Celanova, 29 de agosto do 2010) é a máis recente. Neste monográfico de verán de *Revista das Letras*, as Redes Escarlata presentan unha acción sobre papel arredor dos últimos meses de xestión política. O resultado, encadrado esteticamente na súa característica liña de combate, é unha visión descarnada sobre a realidade. Trátase, como eles subliñan, dunha “nova acción contra o silencio”.



Imaxes da última intervención das Redes Escarlata, titulada *Acción de ferreiro* e realizada en Celanova o pasado 29 de agosto. As fotos foron realizadas por Chus Pato. As fotografías e os textos incluídos no suplemento foron extraídos dos publicados en distintos medios de comunicación ao longo do verán

Verán 2010

4 | **rDL**
Galicia Hoxe 16/09/10



“Nós non nos dedicamos a limitar a información, digamos que non a promocionamos”

*[Samuel Juárez,
conselleiro de Medio Rural]*



Dous brigadistas mortos

rDL | 5
Galicia Hoxe 16/09/10

*“O funcionamento
dos nosos
dispositivos
foi óptimo”*

*[Alberto Núñez Feijóo,
presidente da Xunta]*



*“Traballo para
devolverlle á
cultura galega
o aroma feminista”*

*[Roberto Varela,
conselleiro de Cultura]*



*“Elevar a presenza
do galego é
o grande erro que
se cometeu”*

*[Jesús Vázquez,
conselleiro de Educación]*



23 SETEMBRO DO 2010 - NÚMERO 838

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Branca Novoneyra

O próximo luns, día 27, Branca Novoneyra recibe en Madrid o Premio *La voz+joven*, que convoca La Casa Encendida. O premio, que ela recibe xunto a Anna Hernández-Turné, Ruth Miguel, Ana Gorria, Sofía Castañón e Luci Romero, vénlle polos textos que hoxe publicamos en ‘Revista das Letras’ e que forman parte de *Game Over*, unha peza coreográfica onde a autora do libro *Dentro do Labirinto* traballou coa coreógrafa Kirenia Martínez, encargada de dirixir este tránsito, semellante a un videoxogo. A simbiose entre o verso e o movemento é, segundo a propia artista, “unha proposta anovadora para que o

A viaxe de Branca Novoneyra

espectador poida ver un libro de poemas ou ler unha peza de danza”. Poeta e bailarina, Branca Novoneyra (Lugo, 1976) presenta desde o ano 2002 as súas pezas coreográficas en colaboración con poetas, videoartistas e colectivos musicais. Paralelamente, publica traballos sobre historia e crítica de danza en diversas revistas especializadas. No ano 2009, revelouse como poeta en *Dentro do Labirinto* (Espiral Maior) e comeza a traballar en *Game Over*, estreado en decembro dese ano na galería SCQ de Compostela.

Ollos baleiros

*A dama da loucura
monta repetidas gardas
diante da súa antiga casa*

Compartimos o estreito carreiro

*Nos meus ollos baleiros
arrastro xeada
que calma soterradas adiccións
baixo unha cortiza
que ninguén limpa*

A casa flotante

*Escoito como pasa a tarde
nas mesmas imaxes*

O meu corpo flota nas illas

Entro na casa

desorientada

golpéome entre os piares



Dentro do labirinto

*Sons doutras linguas baten os meus dentes
e extinguen as olladas nos furados
Existen xardíns que deteñen a ira
e pequenos ollos como agullas
de esculturas esquecidas no soto*

*Nacen sementes cada 1000 anos
anunciándose nos nosos pesadelos
Hai case 10 anos
que os monstros dormen no lago
onde avións despegan
dende linguas soterradas*

*Existen lembranzas
no zoar das abellas
e 10.000 hectáreas de deserto
na casa de Holan en Kampa
Un peso inmaterial pende riba a miña caluga
e caio ó baleiro esquecendo percorridos albiscados
por monos enfermos*

*Escoito tódalas despedidas dende gaiolas, embaixadas
e aduanas*

*Existen outras 100.000 fronteiras
onde florecen as cerdeiras e o son das teclas
murmúranos a única saída dende dentro do labirinto*

Saída

*Na saída do cráter
enfeitizada e chea de visións
agardei as mans do meu pai calmando
a febre e os delirios
e rompendo os teus dedos cun berro
esquivei o desterro*

o exilio

After dark

*Como espellos amosamos
a invisibilidade
que separou as nosas terras
Do invisible que me rodea
que me arreda do océano
que vela o meu sono e durme
os latidos After Dark
Que os recordos adelgacen
salten moi alto e furen o teito
que esvaren sobre o vinilo
xirando a altísimas velocidades*

*Érgome e caio como un gato
ó que acaricias sen mirar*



*Sen mirarte saúdo ó Vello océano
que retén botellas con mensaxes
barcos, illas nun auga
que nin esvara nin viaxa*

*After Dark evapóranse as chamadas
mecánicas repeticións
desaparecidas coa marea*

*Abro as mandíbulas de serpe
e saúdote Vello océano
dende carreiros e covas
dende corredores, bares, escaleiras
dende camas onde xiro
sen acadar a invisibilidade
nos teus ollos abraiados
e localizo unha entrada
máis ala do océano*



30 SETEMBRO DO 2010 - NÚMERO 838

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Marcelino Fernández Mallo

O economista Marcelino Fernández Mallo debutou como escritor no 2008 con 'A trenza', unha novela que desenvolvía, en planos superpostos, as vidas paralelas de varios personaxes: un funcionario, un home que gaña a vida traficando e unha azafata de congresos. Recentemente, volveu ás librerías con 'Klásicos', "parodia" dun "segmento da sociedade ao que normalmente se trata con moito respecto" por ocupar "os postos de maior relevancia", segundo subliñaba o propio Fernández Mallo. As clases altas, e en especial as segundas xeracións, eran tratadas, nese

O mendigo instruído

Marcelino Fernández Mallo

libro "cun pano de ironía irredenta", que o autor desenvolvía a través dun narrador en terceira persoa, con moita retransca e cun estilo áxil que dosifica ben a intriga nun "thriller psicolóxico". Agora, nas páxinas de Revista das Letras acollemos unha nova entrega deste escritor que esculca as físgoas sociais como un investigador observa un superorganismo. Trátase de 'O mendigo instruído, un relato onde se mestura a escrita realista cun simbolismo hoxe máis actual que nunca nesta Europa racista, disposta a expulsar do seu predio os cidadáns que non responden ao canon.





raguela avanzaba abstraído coma sempre que volvía á oficina despois do café. Era quen de poñer a mente en branco durante eses tres ou catro minutos. E non sentía máis có contacto entre os zapatos e o chan. Tampouco non fixaba a mirada en imaxe ningunha. Simplemente se dirixía á sede central da empresa onde prestaba os seus servizos profesionais, e facíao paseniño.

No despacho esperábo Forcarei para tomarlle a remuda e baixar el mesmo a almorzar. Marchaba e regresaba sen perder unha migalla da súa enerxía desbordante. Consumía un café grande e cargado, un zume de laranxa e un donuts de chocolate. O colesterol non lle preocupaba nin chisco. A tensión tampouco. Era de constitución atlética, facía exercicio acotío e, sobre todo, acababa de cumprir vinte e sete anos.

Fraguela estaba de aniversario pero non llo dixera a ninguén. Volvían ser da mesma idade, algo que o tranquilizaba. O feito de teren aparecido no mundo en datas próximas propiciou que compartisen o ensino primario, o secundario e mailo bacharelato. Despois tamén coincidiran nas aulas durante a carreira. Cando a convocatoria de bolsas de estudo, presentáranse a varias empresas e Faltrasa fixéralles unha proposta dobre. Dende o primeiro día de traballo, sentaban nun despacho o un fronte ó outro.

Fraguela e Forcarei non tiñan nada en común pero afixéranse a sentirse preto. Levaban seis anos convivindo no apartamento a través dun sistema de quen-das. Cada dúas estacións, intercambiaban as dependencias: un dos cuartos era máis cómodo e un dos baños daba ó exterior. Quen ocupaba a habitación pequena gozaba do dereito de escoller canle de televisión, privilexio que apenas exercían, pois Fraguela prefería ler –incluso escribir– mentres Forcarei tiraba máis polos videoxogos.

Malia ser o seu aniversario, Fraguela avanzaba cara á oficina sen pensar en nada. Non tiña a intención de fixarse en obxecto ou escena particular ningunha, como era habitual, pero algo chamou a súa atención: un tarro de cristal e uns pés dentro dunhas sandalias. Nos seus bos tempos, o tarro puido ter acollido unha ducia de espárragos finos ou mesmo uns filetes de atún claro; naquel momento, contentábase con tres ou catro fragmentos dourados de euro. As sandalias de coiro abrazaban coas súas tiras uns pés anchos e morenos pousados quedamente no chan. Entre nocellos e xeonllos, adiviñábanse dúas medias pernas dentro dunha tea negra convertida en suposto pantalón. O resto do corpo agochábase presuntamente sentado nunhas escaleiras que se erguían ate a porta de entrada dun edificio de oficinas.

Detívose Fraguela para non patear o tarro de cristal. Resultoulle doado estimar a recadación: 80 cén-

timos de euro. Tivo a tentación de depositar algunha moeda pero estaba demasiado preto. De facelo, habería exporse durante uns segundos perante o dono daquelas sandalias, o tempo que lle levase buscar o solto no peto e seleccionar a esmola. Así que continuou camiño mirando de esguello con curiosidade. O mendigo non lle prestou a menor atención. Vestía completamente de negro, pantalón, camisa longa e foulard. Sentaba sobre o cuarto ou quinto chanzo da escaleira o que demostraba unha estatura considerable unha vez se incorporase. Non lle fixo nin caso, o mendigo, porque estaba entretido lendo un libro. Fraguela ficou sorprendido. O curto instante no que puido observar a escena non lle permitiu identificar nin o título nin o autor. Tratábase dun exemplar compacto, grosso, de pastas brandas e letra pequena e xunta, o que se chama unha edición barata. A brevidade da visión non lle empeceu tirar outra conclusión: o libro fora lido ducias de veces.

Flavius chegou a FF enganado polo seu irmán pero non llo tivo en conta. En Fagaraso traballaba coma profesor de música nun colexio de Primaria. Completaba o xornal preparando ensaladas durante catro horas para unha sorte de restaurante de comida rápida. A Flavius gustáballe experimentar con novos ingredientes e probar combinacións inéditas, que normalmente eran ben acollidas polos comensais. O seu irmán encargábase de pequenos traslados e mudanzas para o cal contaba cun carromato bastante desartellado cuxo vello motor o deixaba colgado cada dous por tres.

Non llo tivo en conta porque aquel fora un engano involuntario. Alguén convencéralo de sumarse a unha partida de emigrantes. Prometéralle unha furgoneta nova e xuráranlle que co transporte lixeiro se faría rico en poucos anos. Pagoulles 3.000 euros pola viaxe e a entrada da furgoneta e dispúxose a agardar pola chamada. Durante os días de espera non tivo acougo. A tensión comíao por dentro e decidiu meter a Flavius no plan. Aplicando o que a el lle explicaran, aseguroulle que en FF pagaban cifras astronómicas por cada clase de música. Se prefería dedicarse á hostalería, estaba seguro de que por aquelas terras nunca probaran nada parecido ás súas ensaladas, triunfaría. Deixouse convencer porque mantiña a sospeita de vidas mellores noutras partes do mundo e porque a iniciativa proviña do primoxénito.

Tanto dubidou Flavius sobre os instrumentos que había levar que decidiu viaxar sen ningún, ben que se arrepentía. Tamén valorara o risco de sufrir un roubo durante o traxecto pero xa esquecera tan sólido argumento. Tras instalárense con outros sete ou oito compatriotas nun piso de tres habitacións, expuxéronlles as ofertas. Unha deferencia reservada para uns poucos: podían escoller entre tornárense muleiros, camellos ou atracadores. Eran traballos temporais mentres non saía nada mellor. O irmán tomou partido axiña. O de muleiro non estaba tan mal, aprender uns códigos, retirar cartos duns caixeiros e facer xiros nas casas de cambio. Ademais, ó ter que cambiar de zona constantemente, podería chegar a coñecer a bisbarra enteira de FF ata moverse tal como se andase por Fagaraso. Aforraría rápido e nin sequera habería pedir un crédito para mercar a furgoneta.

Flavius decatouse de ter cometido un gran erro. Tampouco non lle convida quedar mal ante aquela xente así que pediu algo de tempo para pensalo. Conviviu con eles ata non aturar máis as presións. Vou traballar de camareiro en FG, non moi lonxe, mentiúlles, e mudouse de barrio ó outro extremo da cidade, unha noite, cando ninguén se decatara e sen avisar sequera o irmán. A partir de aí pasounas negras. Precisaba un golpe de sorte que apareceu co nome de Florika. Era da rexión de Feleac e tamén chegara enganada, a medias, algúns meses atrás. Ela tentara aproveitar a oportunidade e acumular o suficiente para regresar nun par de anos, pero non

deu soportado ser tratada coma unha cadela. Adelgazou, vomitaba, enfermou e empezou a dar síntomas de neurose ou algo similar ata decatárense de Florika non estar finxindo. Entón permitíronlle ficar, encargárase da limpeza da vivenda e da cociña a cambio de cama e comida. Flavius encontrouse con ela facéndose pasar por fontaneiro. Escoitara falar dunha avaría nunha casa de romaneses e ofreceuse a amañala. Terminaron buscando un profesional pero ó día seguinte estaban paseando xuntos polo parque. Dalgún xeito, as súas historias semellantes colocáranos sobre un mesmo vieiro.

En contra de como adoitaba ser, Forcarei chegou á casa e dirixiuse cara ó cuarto de Fraguela.

–Creo que non debemos aturar esta situación por máis tempo –espetoulle.

–A que te refires?

–Sabía que contestarías algo así!

Resultáballe incompreensible que o seu compañeiro se mantivese inalterable malia o novo incidente arredor das nóminas. Por terceiro mes, pagáranlles a metade do soldo estipulado o que tal se explicaba a partir dunhas dificultades temporais de liquidez.

–Venden o iate e pódennos pagar de golpe cinco anos de traballo.

–E que queres facerlle? –preguntou Fraguela.

–Denúncialos á Inspección de Traballo.

–Ben, pois denúnciaoos.

–Teremos que presentar xuntos a denuncia para facer algo de forza, digo eu.

Convén salientar a notable diferenza existente entre os dous casos: mentres que a Fraguela a paga de 620 euros dáballe para facer fronte á súa parte do piso e máis para cubrir as necesidades básicas, Forcarei non conseguía terminar o mes sen tirar dos seus escasos aforros. De feito, en breve víase recorrendo ó pai. Enténdese, pois, a resposta do Fraguela: agardemos a que se resolva o concurso da depuradora. Levaban dous meses traballando no proxecto para construír unha depuradora de lodos e disque a empresa contaba con moitas posibilidades. En tal caso, abrirían unha nova liña de negocio con potencial abondo para compensar a redución de obras que estaban sufrindo o cal resolvería, á súa vez e de paso, os problemas de liquidez.

Foi sentir novamente a soidade no seu cuarto e volver recordar o mendigo medio agochado naquelas escaleiras cun libro na man. Imaxinou a vergonza que sentiría e aí se lle esgotou a fantasía. Tentou recrear unha situación que explicase a situación daquel home pero non foi quen de concibir unha historia creíble. O protagonista das que ía esbozando nunca era un mendigo experto. Ningún profesional da mendicidade portaría un libro sentado nunhas escaleiras, diso estaba seguro. Un libro non axuda a recadar cartos na rúa; se cadra, á saída dunha universidade ou dunha biblioteca, o que non era o caso. Por que razóns había provocar un efecto contrario? Pois porque quen demostra ser capaz de ler en tan inaudita situación, probablemente terá máis doado moverse polo mundo. Dalgún xeito, haberíanselle supor habilidades concretas para desempeñar un labor retribuído ou mesmo para iniciar unha actividade lucrativa calquera.

A función de ler, como medio para aprehender, semella contraposta á de mendigar, tal foi a conclusión definitiva de Fraguela. Entón matinou que o propio mendigo, dado o seu nivel aparente de instrución, debería ter seguido a mesma cadea de razoamento a cal o levaría, ben a renunciar a unha iniciativa con tan reducidas posibilidades de éxito, ben a reprimir a tentación de aproveitar, lendo, o tempo dedicado á mendicidade. As hipóteses viñan e marchaban sen adquirir, ningunha delas, a condición de realidade probable. Cavilou, por exemplo, no mendigo non ser máis ca un indixente teórico. Dito doutra maneira, un teórico que acadase o estado de indixencia por falta de pragmatismo. Esta última cábala podería xustifi-

car, quizais, a lectura do libro mentres pedía esmola.

Non era ese o único erro que cometía o mendigo, seguía a cismar Fraguela. Agochar a faciana, non permitir que lla vesen, supuña outra equivocación importante. Quen se amosa disposto a desfacerse de xeito anónimo dunhas moedas gardadas no peto, espera algún tipo de recompensa inmediata. A primeira resulta ser a face de submisión que agarda detectar no indixente entre o principio e o final do, chamémolo, proceso de doazón. Esa disposición de indubidable dependencia entre unha das persoas participantes no acto cara a outra constitúe un elemento fundamental, unha especie de condición requirida malia que non suficiente. Ademais, o doante non se dará por satisfeito se non atopa no mendigo unha impresión de recoñecemento cara a súa actitude xenerosa e, nas versións de máxima esixencia, unha demostración de agradecemento, incluso entrega, perante ese comportamento ora magnánimo ora compasivo. Nada disto se recibe cando o indixente porta despreocupado, como alleo á contorna, un libro á altura da súa cara, precisamente.

Flavius e Florika víanse cada día no Parque Central de FF tan logo ela terminaba as súas obrigas cotiás. Os sábados en nada se diferenciaban dos martes, nin os mércores dos domingos. A vivenda onde traballaba Florika demandaba o mesmo coidado ó longo da semana. Flavius movíase por distintas zonas da cidade tentando botarlle man a un xornal. Descargou algo de peixe, transportou uns poucos mobles, rozou unhas gabias, limpou uns cristais altos, ocupacións de horas case sempre, dun par de días no mellor dos casos. Axiña percibira a fondura do engano. Levaba semanas sen oír unha melodía, sen tocar uns acordes, sen afinar unhas cordas, sen dexergar sequera uns timbais ou un diapasón. As posibilidades en torno á música en FF aproximábanse a cero. Tentara tamén explorar as súas opcións nalgúns locais de comida rápida, cun resultado igualmente desalentador.

En contra das expectativas, as cousas só parecían ir a peor. Por iso decidiu recoñecer os distritos centrais que os seus compatriotas nin sequera pisaban. Encontrara así aquel recanto onde podía pasar, para quen non puxese atención, por un cidadán calquera á espera dun compañeiro ou dun amigo, incluso dunha moza. Lavou o tarro dos espárragos que ceara o día anterior, colleu o libro que o acompañara durante o traxecto dende Romanía e sentou naquelas escaleiras a ler agardando que algunha moeda fose caendo ós poucos. E si, 4 ou 5 euros aínda xuntaba. Sospeitaba que as esmolos procedían habitualmente da mesma xente, unha impresión que non sabía de onde xurdía e que non se atrevía a confirmar erguendo a vista cando soaba o golpe metálico contra o fondo do tarro.

Fraguela aproximouse en oblicuo procurando abrir o ángulo de visión. Desa maneira, calculaba poder identificar o libro que seguía a ler o mendigo, quen naquela ocasión vestía camisa branca mantendo intacto o resto da indumentaria. No momento no cal a mirada de Fraguela se focalizou no indixente instruído, este semellaba concentrarse nas últimas liñas das páxinas abertas de modo que a capa quedaba agochada debido á inclinación do exemplar. Fraguela ficou desencantado ó non poder descubrir o título do libro e mailo seu autor e houbo seguir camiño sen ter saciado a súa curiosidade. Demorouse uns minutos sobre o horario de regreso á oficina. Forcarei esperáballo na porta en posición de saída.

–Desculpa.

–Non importa.

–Faríasme un pequeno favor.

–Dime.

–Na esquina de Ferreiros con Francia, hai un mendigo sentado nunhas escaleiras. Leva un foulard negro e estará lendo. Mételle este carto no tarro que ten ós pés, por favor –e entregoulle un billete de 10 euros.

-Tanto ten.

-Non pagarás débedas de xogo? -preguntou en ton de brincadeira-. Porque de mulleres non te vexo eu...

-Déixalle o billete e esquece o resto.

-Nada, home! Se che sobran os cartos, non hai problema, fágoche de mecenas. Dóollos a quen me digas.

-Iso quería, grazas.

Os días seguintes resultaron aforróns en novidades. A máis colorista, por dicilo dalgún modo, foi a alternancia no vestiario de Flavius: un día camisa branca, ó día seguinte camisa negra. Tamén se decatou Fraguela de o mendigo principiar o libro de novo cada vez que remataba a súa lectura. Así e todo, continuaba descoñecendo título e autor do exemplar. Polo día do santo de Forcarei, acudiu á librería Ferrín a mercarlle o agasallo, que nunca buscaba sorprender. Aquel ano, adquiriu un segundo exemplar. Fíxoo sen pensar. Así que se achegou a Flavius e díxolle:

-Toma, así non terás que empezar o mesmo libro cando o termines.

O mendigo mirou para o primeiro tipo que lle dirixía a palabra dende que ocupaba aquel recanto e sentiu que o sentido da súa vida estaba a piques de cambiar.

-Non falo súa lingua -pronunciou amosando un suave aceno de rexeitamento.

-Non falas a miña lingua?

-Non, non falo súa lingua.

-Queda igual co libro. Así aprenderás.

-Non entendo súa lingua.

-Queda, queda co libro -insistiu Fraguela empezando a afastarse. Ficara frustrado por non ser quen de artellar unha conversa co mendigo instruído pero cando menos xa coñecía o autor do libro que lía: tratábase dun tal Frosin, escritor romanés segundo soubo despois.

Dende o santo de Forcarei, alterara o itinerario deica a cafetaría. Sentía algo de vergonza pola súa escasa capacidade de relación a cal mesmo se manifestaba en situacións de dominio absoluto como podía ser a entrega dunha esmola a un mendigo. Aquel día o seu compañeiro mantíñase na mesa de traballo sen amosar intención de saír para o café habitual daquela hora da mañá.

-E logo pasa algo?

-Pasa que temos que falar con Fabeiro. Seica se resolveu o concurso e non gañamos.

-Merda!

Fabeiro non andou con reviravoltas. O proxecto de Faltrasa chegara á fase final e nela ficara rexeitado. A perda do concurso abocáboas a un recorte do persoal: un dos dous sobra. Sendo igual de cumpridores e absolutamente complementarios, o comité directivo non se decidira por ningún deles. Dábanlles un par de días para escoller. Pídenos unha inmolación laboral?, tentou clarificar Fraguela. Podían chamalo como quixeran. Un último dato: a indemnización a aplicar ó empregado despedido, calquera dos dous que for, ascendía a 4.800 euros.

-Sábe-lo que pretende quen dá unha esmola?

-preguntou novamente Fraguela, nesta ocasión a soas co compañeiro.

-Que cona dis? -Forcarei non amosaba unha disposición favorable á filosofía naquel momento.

-Pretende recoñecer no indixente a faciana da derrota, do fracaso, e sentir que el se encontra do outro lado.

Forcarei nin o escoitou e cada un tomou un roteiro distinto. Fraguela tirou para o Parque Central. Viu-nos ó pouco de internarse nel. Custoulle unir aquela imaxe coa do mendigo que pedía na esquina entre Ferreiros e Francia. A muller que o acompañaba amosaba gusto para amañar o seu aspecto e, sen ser guapa, tiña un certo atractivo. Abondaría con cambiarlle o peiteado para ela ascender ate o cumio

nun suposto baremo de beleza. Achegóuselles, primeiro cautelosamente, máis decidido despois.

-Ola, quizais me recoñeces. Enténde-lo que digo?

Flavius mirou cara a Florika solicitando a súa intervención.

-El non entende aínda.

-Ti falas a miña lingua?

-Si e enténdoa tamén.

-Regaleille un libro. Quizais o liches ti entón.

-Aínda non pero espero lelo algún día.

-Estaría ben. Pois nada máis, adeus.

-Adeus e grazas -contestaron os dous.

Fraguela fixo como que se perdía por entre o parque pero quedou vixiándoos. Seguíunos ata a súa vivenda, uns corenta minutos camiñando. Na praza chamada do Ferrollo, reduciron a marcha ata semellar que dubidaban. Deron media volta ó perímetro para retroceder un chisco e embocar un dos edificios que se erguían á beira. Fraguela avanzou e sentiu a tentación de seguiilos tamén dentro pero contívose. En realidade, non sabía o que tal facía aló. Empezou a desandar o treito percorrido ben paseniñamente. Nin sequera cruzara a praza por enteiro cando escoitou coma un berro refreado a uns metros de distancia:

-Señor, señor -detívose malia non recoñecerse en tal apelativo e non comprendeu como aquela muller se decatara da súa presenza detrás deles.

-Vostede axudou a Flavius e quere axudalo aínda.

-A quen? -Fraguela descoñecía o nome do mendigo romanés.

-A Flavius.

-Non fixen gran cousa.

-Para nosoutros, unha cousa pequena é unha gran cousa.

-Supoño, si.

-Agora pode axudar máis. Nós queremos marchar a Romanía. Debemos algún diñeiro e temos que pagar a viaxe. Nós necesitamos dous mil euros. Se vostede gusta, pode durmir comigo as veces para pagar dous mil euros. O prezo que diga vostede.

Fitouno ata estar segura de Fraguela ter comprendido a mensaxe. Entón estendeu o brazo para darlle un anaco de papel, sorriulle e virouse. El estaba abraiado, por varios motivos; o principal, a coraxe dela. Co corazón latexando a todo ritmo, leu: Florika 655417108. Xamais coñecera ningunha muller como aquela.

No piso, Forcarei movíase tal que unha besta fechada nunha gaiola estreita.

-Non o podo crer. Como método de tortura, páreceme perfecto. Pensarán que somos antropófagos e que terminaremos coméndonos. Ou que nos imos bater en duelo, ou que... Deus, como poden ser tan fillos de puta!

-Podemos deixalo nun pulso. Eu, de pequeno, facía pulsos con meu pai.

Forcarei mirouno como se tivese toleado de socato.

-Si, o mellor será decidilo nun pulso. E como mo vas gañar, pois xa está decidido: quedas ti co traballo e eu co apartamento.

-Que queres dicir?

-Que estou disposto a renunciar ó posto cunha condición: seguirei vivindo contigo pero ti pagas a renda completa do alugueiro.

-Acepto -respondeu Forcarei tras pensalo dez segundos-. Páreceme xusto -engadiu. Malia decatarse de o seu compañeiro estar agochando algo, quixo pechar o trato inesperado antes de que calquera circunstancia o puidese enfastiar.

Fraguela respirou aliviado e empezou a planificar. Restaban nove días para rematar o mes. Calculou que habería recibir case 8.000 euros tendo en conta o importe da indemnización, o soldo mensual e os atrasos. Após desprenderse dos cartos que precisaban Flavius e a súa compañeira, aínda lle quedaría un remanente para aguantar ata atopar outro traba-

Ilo. Non podía tirar da cabeza a faciana de Florika cando se despediran na Praza do Ferrollo. Nin aquel corpo que, aínda sen intención insinuante, convidaba a ser admirado, sobre todo as pernas longas, pálidas e ben contornadas que se amosaban entre un short vermello e unhas deportivas de lona a xogo.

O trato que lle ofrecera era inadmisíbel pero unha forza insólita o animaba a arrambar calquera asomo de moral. Pensaba tamén en Flavius, a quen non debía fidelidade. El non era o seu amigo, nin sequer comprendía a súa lingua. Gravara na memoria o número de teléfono de Florika, 655417108, e imaxinábase chamando. Proporíalle pasar unha semana xuntos, sete días que serían inesquecibles, que el gardaría eternamente na memoria. Daríalle os cartos nada máis encontrárense para demostrarlle confianza. De quixer, ela podería fuxir de contado e aforrar as outras seis xornadas. Sabía que aproveitarse dunha situación como aquela era digno dun canalla pero estaba disposto. Xustificábase pensando que, se non fose el, outro de peor ralea habería tirar partido.

Rematara en venres o mes e os de Administración citáranos para o mércores seguinte. Aínda tería que esperar outros cinco días que serían dun sufrimento insoportable. Por iso non esperou máis que catro. Por fin colleu o teléfono e chamou a Florika, impaciente por escoitala e por concretar a súa cita para o xoves. Unha decepción brutal o embargou cando, dende o outro lado, unha voz electrónica o informou de aquel número non pertencía a ningún usuario. Probou outras tres veces co mesmo resultado ata convencerse da inutilidade de novos intentos. Afundiuse no desánimo total pero así mesmo quixo esgotar as posibilidades. Esperou fronte ó edificio da Praza do Ferrollo a que saíse calquera veciño. Por fin atopou unha señora que sabía de Florika. Marcharan os dous, ela e mailo seu amigo, había uns días. Regresaban a Romanía. Seica ían felices.

Tarde, pensou Fragueta, cheguei tarde. Ó día seguinte habería cobrar os 8.000 euros da liquidación pero agora xa non sabía para que os necesitaba. Se a tivese diante, ofreceríalle a contía completa por pasar unha soa noite con ela.

